

XXXII FESTA DA FILLOA DE
MUIMENTA – FESTA DE INTERESE
TURÍSTICO DE GALICIA

Festival de promoción de Razas Autóctonas e
da música tradicional da Terra Cha.

Show Cooking, cetrería e outras actividades
organizadas polo Tecor Terra Cha

Recinto Feiral “Manuel Vila López”

Muimenta, 1 de maio do 2.023.

PROGRAMA:

Martes, día 25 de abril

19:00 Presentación e degustación da XXXII Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia na Casa de Galicia en Madrid, a cargo do Director da mesma, do Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, así como do Presidente e do Coordinador da Moexmu e da Festa da Filloa de Muimenta.

Venres, día 28 de abril

22:00 Presentación e degustación da XXXII Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia co equipo do programa Luar, da Televisión de Galicia.

Luns, día 1 de maio:

07:30 Apertura do Recinto Feiral “Manuel Vila López”
08:00 Comenza a facer filloas a máquina de Tartas Lestedo
08:30 Entrada dos expositores de artesanía e dos produtos galegos de calidade
09:00 Entrada de Fiolleiras e Fiolleiros
10:00 Apertura da exposición de cestería e cantería do Centro de Artesanía da Deputación Provincial de Lugo nas oficinas do Recinto Feiral
10:00 Exhibición e interacción de tiro con arco (ata as 13:00 horas)
10:00 Simulador de tiro da Federación Galega de Caza (ata as 19:00 horas)
10:30 Entrada do persoal de servizos, churrasqueiros e coménzase a quentar as parrillas
11:00 Exhibición de Cans de mostra
11:00 Actuación da “Escola de música e baile tradicional de A Pastoriza”

- 11:30 Exhibición de Cetrería
- 12:00 Taller de “Torneiro” con Hussein Aali Taleb Fernández
- 12:00 Show Cooking, co mestre cociñeiro Diego López
- 12:10 Actuación de “A Volta do Agro”
- 13:00 Sesión Vermouth a cargo de Cosmedeejay da empresa Eventec
- 13:30 Inauguración oficial da XXXII Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia
- 13:35 Sorteo do primeiro vale de 50,00 € de produtos doados por Aceites Abril.
- 13:40 Lectura do pregón a cargo do escritor lucense Don Jordi Cicely
- 13:50 Entrega de premios aos gañadores do XXIII Concurso de Relato e Debuxo - Filloa 2.023, tanto na súa modalidade de debuxo coma de relato.
- 14:00 Sorteo do segundo vale de 50,00 € de produtos doados por Aceites Abril.
- 14:00 Visita @s stand d@s filloeir@s por parte das autoridades presentes.
- 14:05 Sesión Vermouth a cargo da Cosmedeejay da empresa Eventec
- 14:45 Xantar no pavillón ubicado dentro do Recinto Feiral “Manuel Vila López”.
- 15:30 Actuación do grupo “Leña Verde” de Pol,
- 16:00 Sorteo do terceiro vale de 50,00 € de produtos doados por Aceites Abril
- 16:00 Retómase Exhibición e interacción de tiro con arco (ata as 19:00 horas)
- 16:30 Retómase o taller de “Torneiro” con Hussein Aali Taleb Fernández
- 16:30 Exhibición de Cans de mostra
- 17:00 Actividades de agility con cans levadas a cabo por Tephira
- 17:00 Retómase a Exhibición de Cetrería
- 17:00 Reapertura do Museo da Zoca e da Escola Vella (ubicadas no campo da Igrexa Vella) por parte da directiva de Xotramu para toda a xente que desexe visitala, así como da exposición “Crónica da pegada do Porco Celta en Galicia”. De valde.
- 17:15 Actuación do grupo de “Pandereteir@s de Muimenta”, organizado en colaboración coa Asociación de Nais e Pais de Alumn@s do Colexio de Muimenta.
- 18:00 Sorteo do cuarto vale de 50,00 € de produtos doados por Aceites Abril

18:00 Actuación de De Vacas, que presentan en Muimenta a súa nova “xira reboniva 2.023”, dentro do programa Xuntos polo serán 2.023, da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo.

19:30 Clausura da XXXII Festa da Filloa e demais actividades enmarcadas no programa.

* Teremos exposición de razas autóctonas en colaboración con ASOPORCEL e a Deputación Provincial de Lugo.

* Ao longo da xornada, habrá a disposición do público asistente actividades de tiro con arco e un simulador de tiro (para os aficionados á caza)

Domingo, día 7 de maio:

14:00 Xantar de agradecemento ao persoal que colaborou na XXXII Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia

NOTAS DE INTERESE:

- ✓ A Festa da Filloa ten o título de Festa de Interés Turístico de Galicia, concedido polo Goberno da Xunta de Galicia o 21 de febreiro do 2.008, a proposta da Consellería de Innovación e Industria. O 25 de abril, cumprensen quince anos da súa publicación no D.O.G.

- ✓ A comisión organizadora é a mesma ca da XXXIX MOEXMU – 2.023:

Presidente	Daniel Pollán Cabana
Vocais	Jesús Alvariño García
	Juan José Castaño López
	Luis Miguel Iglesias Francos
	Orlando Iglesias Pernas
	Jorge Pena Anllo
	Manuel Rancaño Cabana
Coordinador	José Manuel Rus Rodríguez

- ✓ De maneira provisional, termos case 142 persoas colaborando durante toda a xornada do primeiro de maio:

Filloeiras y Filloeiros	55
Máquina	23
Servizos: tickets, atender persoal, amasar	12
Churrasqueiros	17
Pavillón	22
Despachar churrasco	8
Despachar filloas	5
	142

- ✓ Orzamento de 36.000 Euros
- ✓ Exposición de **Artesanía e** Productos de Calidade, coma por exemplo os queixos de San Simón, o coiro de Melide, barro, figuras de artesanía, etc.
- ✓ Dentro do Concurso de Debuxo e Relato Filloa – 2.023, participan un cento de traballos, dos colexios de Vilalba, Castro de Rei, Castro Ribeiras de Lea, Meira,

Abadín e Muimenta, baixo a temática “A Festa da Filloa”. Os premios son patrocinados polo Concello de Cospeito, a área de Medio Rural do Mar e Xuventude da Deputación Provincial de Lugo, a Delegación Provincial en Lugo da Xunta de Galicia en Lugo, así como diferentes entidades financeiras (Abanca, Caixa Bank e o Sabadell Gallego), ademais da empresa Aceites Abril e a propia comisión organizadora. Están recepcionados 161 traballos, dos cales 156 son debuxo e 5 relatos

- ✓ A maiores o mellor debuxo e o mellor relato, obterá cada un, como premio unha **Leonovo Tablet M10 Plus** doado polo Vicerrectorado en Lugo da Universidade de Santiago de Compostela. Lembramos, que dende o 23 de abril do 2.010, se ten asinado un convenio de colaboración entre a Asociación de Empresarios de Muimenta e a U.S.C.
- ✓ O domingo 7 de maio convídase a comer no Recinto Feiral “Manuel Vila López” de Muimenta ao persoal colaborador que traballa durante toda a xornada.
- ✓ O pregoeiro desta edición será Jordi Cicely (Teléfono 699 003 536), escritor lucense (e friolense de corazón), que está a triunfar coa súa novela “Mariela envenena mis sueños”
- ✓ A inauguración correrá a cargo de algún membro do goberno da Xunta de Galicia.
- ✓ Ás 11:00, habrá música en directo a cargo da Escola de música e baile tradicional de A Pastoriza
- ✓ Taller de “Torneiro” con Hussein Aali Taleb Fernández, en colaboración coa área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo.
- ✓ Sobre as 12:15 horas, “A Volta do Agro” regresa aos seus inicios, empezaron a súa andaina na IV Festa da Filloa do ano 1.995, e regresan case tres décadas despois. Houberanos gustado que fose no ano das vodas de prata, pero non foi posible, debido ao estado de alarma vixente no ano 2.020.
- ✓ A partir das 13:00 horas, teremos unha pequena sesión de música a cargo de Cosme Folgueira (Eventec Discomóvil), que se retomará a partir das 14:00 horas, tras un breve descanso para os actos protocolarios de inauguración da Filloa 2.023.

- ✓ Música tradicional, dentro do programa Tradigalu, da área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, a cargo do grupo Leña Verde de Pol, aproximadamente ás 15:30 horas, primeiro no pavillón do Recinto e despois no propio recinto feiral.
- ✓ Ás 17:15 horas da tarde, o grupo de alumn@s do Curso de Pandereta organizado pola Asociación de Nais e Pais de Alumn@s do Colexio Público de Muimenta, tocarán varias pezas, en dous grupos, en idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.
- ✓ Tamén teremos música en directo, pola tardiña, preto das 18:00 horas, a cargo do grupo galego DE VACAS, dentro do programa “xunt@s polo serán” da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo. Regresan a Muimenta, despois da actuación na Filloa do ano 2.016, e estrenando a súa nova “xira REBOVINA”.
- ✓ Entre as 17:00 e as 19:00 horas, podrase visitar tanto o Museo Pedagóxico como o Museo da Zoca ubicados na campo da Igrexa Vella de Muimenta, da que se encarga Xotramu. Igualmente podrase visitar aa exposición “Crónica da pegada do Porco Celta en Galicia” realizada por ASOPORCEL
- ✓ Teremos o sorteo de catro vales de 50,00 €, cada un deles, en produtos doados por Aceites Abril. O sorteo terá lugar, en principio, ás 13:30; 14:15; 16:00 e 18:00 horas aproximadamente. Repartirase un par de rifas entre cada colaborador da Festa da Filloa, e unha rifa por cada ticket de filloas e churrasco que se merque ao longo da xornada; e en cada sorteo se irán acumulando as rifas entregadas ata ese momento. Límite máximo serán catro mil rifas.
- ✓ Prezos:
 - ✓ 4,00 Euros a ración de media dúcia filloas
 - ✓ 12,00 Euros a ración de churrasco, chorizo criollo, pan, viño, auga, queimada e café
- ✓ Esperan poñerose a venda unhas 18.000 filloas ao longo de toda a xornada.
- ✓ Contaremos con 7 filloeir@s de A Baña, co cal se mantén un intercambio dende fai varias edición.
- ✓ Continuase a ultimar o Recinto Feiral “Manuel Vila López” por parte da comisión organizadora en colaboración co persoal do Concello de Cospeito.

- ✓ Participa na xornada tanto veciñanza da parroquia de Muimenta, como tamén dos pobos de Outeiro, Bazar, Pacios, Prevesos, San Martiño de Corbelle, Villarente, Rigueira, A Graña, Roás, etc.
- ✓ Panadería Hermo agasallo a fariña (sobre uns 500 quilos) para o amado das Filloas
- ✓ Aceites Abril, colabora con 60 botellas de aceite de oliva extra e con dezaséis lotes de agasallos para os premiados do Concurso de Debuxo e Relato da Filloa
- ✓ Cafés Candelas, fai o propio, con 12 quilos de café.
- ✓ Volveremos a contar, como dende o ano 2.006 coa máquina de facer filloas da empresa Tartas Lestedo (Boqueixón - A Coruña) que lle axudará as mulleres e homes a facer filloas durante toda a xornada.
- ✓ En colaboración co Tecor Terra Chá e a Federación Galega de Caza, contaremos con varias actividades ao longo da xornada do primeiro de maio: Show Cooking, a cargo do Mestre cociñeiro “Diego López” (teléfono 697 2880 671), que elaborará catro pratos onde mesturará produtos da caza coas filloa (horario previsto 12:00 horas), no espazo coñecido como entre naves, para que o público poida seguir a actividade sentado.
- ✓ Ao longo da xornada, tamén habrá demostracións de cetrería (11:30 e 17:00 horas), actividades con cans de razas autóctonas (11:00 e as 16:30 horas), anque estos horarios aínda poden sufrir modificación, tamén en colaboración co Tecor Terra Cha.
- ✓ Ademáis de actividades de tiro con arco durante toda a xornada, e simulador de tito, no espazo entre naves en colaboración co Tecor Terra Cha.
- ✓ Retomamos as actividades de Agility cos cans, a partir das 17:00 horas, a cargo da empresa Tephira (Virgina 650 825 080), sobresaindo xogos de olfato, detección e mini pistas para os máis novos
- ✓ Igualmente, se a xente que acuda á esta edición da Festa da Filloa, poderán facer unhas **pranchadas** de filloas se así o desexa.
- ✓ Ademáis, haberá **degustación** de Filloas con nocilla, nata ou con mel, tanto onde se despachan como no pavillón (destinado a comedor)

- ✓ Podese ampliar todo este programa de información no noso facebook (Moexmu Muimenta), no no twitter (Moexmu), no blogg (Moexmu), así como en Lugo 10 e Fiesta de Galicia, así como no noso enderezo electrónico (moexmu@gmail.com)

Para a xornada necesítase o seguinte material:

- 1.000 quilos de costilla en tira para o día 1.
- 150 quilos de chorizo criollo.
- 195 litros de augardente para a queimada.
- 35 litros de licor café
- 300 litros de viño
- 2 palets de auga de medio e medio litro de Manantiales de Galicia que foron agasalladas por dita empresa.
- 500 quilos de fariña, agasalladas por Panadería Hermo de Muimenta.
- 200 kilos de pan para o día da filloa
- 750 quilos de carbón
- 75 litros de aceite
- 10 quilos de sal gorda.
- 5 quilos de sal fino
- 35 quilos de café
- 25 litros de leite.
- 50 quilos de sucre.
- 70 bombonas de butano.
- 35 bombonas de propano.
- 60 dúcias de ovos
- 50 litros de gaseosas.
- 4 quilos de limóns
- 4 quilos de laranxas
- 2 botes de mel

- 1.000 metros de mantel de plástico
- 100 mesas
- 1.100 sillas
- 5.000 servilletas
- 2.500 platos.
- 3.000 vasos.
- 4 rollos de papel grande de bobina
- 5 caixas de guantes de plástico para as filloeiras e os churrasqueiros

Organiza:

- ✓ Comisión de Moexmu.(composta por empresarios do pobo de Muimenta)

Colabora:

- ✓ Concello de Cospeito.
- ✓ Deputación Provincial de Lugo: Presidencia, Área de Cultura e Área do Medio Rural e do Mar, e Xuventude
- ✓ Xunta de Galicia: Delegación Provincial en Lugo da Xunta de Galicia, así como a Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia
- ✓ Casa de Galicia en Madrid
- ✓ Universidade de Santiago de Compostela
- ✓ Abanca, Corporación Bancaria
- ✓ Panadería Hermo
- ✓ Cafés Candelas
- ✓ Aceites Abril
- ✓ Manantiales de Galicia
- ✓ Empresarios do Pobo de Muimenta.

Muimenta, 23 de abril do 2.023.